




OZNVIMIA

é Costa da Morte



Plan de Axudas

Programa LEADER 2014-2020

Territorio GDR– Costa da Morte.
O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo **GDR–Costa da Morte** correspóndese cos seguintes concellos:

- | | | |
|-------------------------|--------------|-------------|
| > Cabana de Bergantiños | > Coristanco | > Mazariños |
| > Camariñas | > Dumbria | > Muxía |
| > Carballo | > Fisterra | > Ponteceso |
| > Carnota | > A Laracha | > Vimianzo |
| > Cee | > Laxe | > Zas |
| > Corcubión | > Malpica | |

Edificio Servicios Múltiples,
Rúa A Torre, s/n,
15129 – VIMIANZO
T. 678 648 065

Centro Comarcal de Bergantiños,
A Camposa, s/n, Buño,
15111 – MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 608 633 222

+ info | 981 71 73 58
gdrcostadamorte.com



PATRIMONIO

Habitada dende fai miles de anos e cun pasado señorial, Vimianzo atesoura verdadeiras xoias patrimoniais que ben merecen a pena visitar.

Arqueolóxico

A cultura megalítica é especialmente rica en Vimianzo, presentando unha sorprendente concentración de monumentos funerarios erguidos entre os milenios IV e III a.C. A Ruta dos dolmens percorre nove antas do territorio. Situadas ao aire libre, seguir o itinerario e descubrirlas é toda unha experiencia para o visitante.

Destacan na ruta o dolmen de Pedra Cuberta, en Treos, onde se descubriron as primeiras pinturas megalíticas do Atlántico peninsular; Pedra da Arca, en Baiñas, co seu longo corredor nun perfecto estado de conservación; ou a Casota de Freáns, cunha feitura diferente clasificada como unha precursora das cistas da Idade do Bronce.

Xa na arte rupestre a parroquia de Berdoias conta con bos exemplos de petróglifos no Outeiro do Pedrouzo e en Boallo, con covañas, círculos concéntricos e outras gravuras.

A necrópole suevorromana de Tines, situada no adro da igrexa do mesmo nome, foi un importantísimo achado con enterramentos que comprenden desde o século I ao VIII, no mesmo lugar onde houbo unha vila romana. Aquí atopouse a estela Funeraria de Victorinus, unha das primeiras mostras epigráficas cristiás de Galicia, que se expón no museo do castelo de San Antón da Coruña.



Relixioso

A igrexa do antigo mosteiro beneditino de Baiñas conserva elementos destacados da arte románica do concello. Chaman a atención os seus canzorros con pecados ou o tímpano cunha figura a cabalo, considerada San Martiño. Na lista románica non se poden esquecer tampouco Cereixo, Tines ou Treos.

Camiñando cara ao barroco, a fachada de San Xoán de Calo ou a torre-campanario de San Xoán Bautista de Cambeda engalánanse coa decoración propia da escola compostelá. Na arte popular destaca o cruceiro de Cheis ou dos Santos, cunha curiosa representación da Trindade e da crucifixión de Cristo sobre troncos de madeira de carballo.

Civil

Pazo de Trasariz, foi a residencia do meiriño do castelo, no século XVII. Este fermoso conxunto pacego atópase na vila de Vimianzo, destaca polo pórtico de oito arcos, apoiados en columnas con chapiteis dóricos, unha xoia da arquitectura pacega galega. Ten encostada unha capela barroca do século XVII.

Torres de Cereixo (XVI), atópanse na vila medieval do Porto de Cereixo, formando un conxunto monumental xunto coa igrexa, o muíño de mareas e o carballo centenario que cobre toda a praza coa súa xigantesca envergadura.

As torres ameadas flanquean unha edificación que presenta escudos e brasóns nobiliarios, como a cabeza de lobo dos Moscoso, as mans dos Carantoña, o piñeiro dos Caamaño e a torre de Guisamonde.



IGREXA DE SANTIAGO DE CEREIXO

A pequena igrexa de Santiago de Cereixo, de mediados do século XII, é un dos mellores exemplos do románico da Costa da Morte.

O templo ten dous fermosos pórticos, pero o da fachada sur é único, pois no tímpano aparece a representación máis antiga que existe da Traslato Beati Iacobi, é dicir a translación do corpo do Apóstolo Santiago a Galicia, segundo o Códice Calixtino, despois da morte do Apóstolo no martirio, os seus discípulos roubaron o corpo do santo e metérono nunha barca que foi guiada pola man de Deus ata chegar a Galicia. A representación desta escena é unha creación única, ademais este templo ten un marcado carácter xacobeo, posiblemente foi un lugar de parada para peregrinos que chegaban por mar ao porto de Cereixo e se dirixían a pé cara Santiago. Tamén é moi relevante a colección de canzorros no exterior do muro sur, con representacións de animais, vexetais e humanas, e imaxes nas que se plasman os vicios e pecados.

MUÍÑO DE MAREAS

O muíño de mareas de Cereixo, tamén coñecido como **muíño das Torres**, foi construído no 1674, mediante unha **cesión dos terreos do conde “señor das Torres de Cereixo” a cambio dunha renda anual de 6 ferrados de trigo e 2 galiñas**. Este enorme muíño de mareas é un dos máis antigo de Galicia, está construído na confluencia do Río Cereixo co río Grande, o seu funcionamento baséase no aproveitamento da enerxía hidráulica xerada pola marea na súa subida e da auga do río, que facían mover tres moas, unha para moer o trigo e as outras dúas o millo.




BATÁNS DO MOSQUETÍN

Nunha fermosa paraxe, a carón do Río Grande, atópase un conxunto de gran valor etnográfico que é un exemplo da **enxeñaría popular de outrora para aproveitar a forza da auga, os Batáns do Mosquetín**.

Aínda que non hai constancia da súa data de construción xa aparecen documentados no 1753, o grupo está formado por tres batáns e sete muíños.

Os Batáns de Mosquetín son unhas construcións que no seu interior albergan uns mecanismos denominados folóns, que empregaban a enerxía hidráulica para mover unha roda que activaba uns mazos que golpeaban os tecidos para conseguir unha peza compacta que ofrecese unha mellor resistencia fronte ao frío e a choiva. Actualmente os muíños e batáns son visitables e pódese ver o seu funcionamento.



CASTRO DAS BARREIRAS

Conta a lenda que desde o castelo de Vimianzo existe un túnel que o conecta coa outra gran fortificación do val: o **Castro das Barreiras**.

Este poboado da Idade do Ferro localízase en pleno val e sorprende aos visitantes coas súas altas murallas de máis de 8 metros. Un sistema defensivo que se aprecia perfectamente a pesar de non estar escavado na súa totalidade.

OS PENEDOS

Os Penedos son parte dunha afloración granítica que se estende desde Traba ata o Cabo Vilán: a **Serra da Pena Forcada**. O cumio máis alto é a chamada **Galla da Pena Forcada**, que pode verse dende calquera punto das inmediacións e marca a separación entre os concellos de Vimianzo e Laxe.

Os Penedos son un mundo de pedra, tallado polas caprichosas mans do vento e da auga, que crearon figuras que son parte do imaxinario colectivo; unha paisaxe de representacións oníricas que a fascinación humana bautizou con nomes tan reveladores como a Barca, a Cachucha, a Furada, a Dama, o Bico, ou Osa.

Ademais do gran valor paisaxístico teñen un enorme valor científico xa que permiten estudar a evolución da paisaxe, polo que a Xunta declarou ós Penedos de Pasarela e Traba como Paisaxe Protexida.

CASTELO DE VIMIANZO

Esta fortaleza ten a súa orixe nos últimos anos do século XII ou a comezos do XIII, foi construída polos Mariño de Lobeira. Está rodeada dun profundo foxo con ponte levadiza, a torre da homenaxe e o paseo de ronda. Dun dos seus muros conservan os merlóns de punta de diamante.

A propiedade cambiou de mans en numerosas ocasións, foi confiscada polo rei Afonso XI e vendida ao arcebispo; despois pasou a mans do duque de Arjona e a mediados do século XV á dos Moscoso.

A natureza estratéxica do Castelo, motiva durante o século XV enfrontamentos entre a Mitra compostelá e os Moscoso; xa que a proximidade á costa permitía controlar as rutas comerciais do Mar do Norte, negocios coma o da sardiña e do sal e os botíns dos barcos que naufragaban nestas costas. Como consecuencia dunha destas disputas, no ano 1465, estivo prisioneiro no castelo durante dous anos o arcebispo de Santiago, Alonso II de Fonseca.

No ano 1467, durante A Revolta Irmandiña, foi tomado ao asalto polo pobo, provocando a destrución parcial do castelo. Trala derrota dos irmandiños, o arcebispo Fonseca apoderouse da fortaleza, e comezaron as labores de reconstrución. Un ano máis tarde Lopo Sanches de Moscoso, auto proclamado primeiro Conde de Altamira fariase coa fortaleza.

Actualmente o Castelo de Vimianzo é un espazo aberto á sociedade, que ademais de poder visitarse, organiza eventos culturais, encontros e obradoiros, tamén acolle unha Mostra de Artesanía ao vivo.

ASALTO AO CASTELO

Esta festa naceu dun xeito increíble; un grupo de xente nova da vila improvisou de xeito pacífico e alegre unha noite de protestas diante do Castelo de Vimianzo e orgullosos da súa fazaña institucionalizaron o acto, nacendo así o que sería a festa máis grande de Vimianzo e a gran festa Irmandiña da Costa da Morte.

Durante O Asalto a vila enteira de Vimianzo revolucionase, a xente vistese da época medieval, as fachadas dos edificios compiten por ser a mellor ambientada, ten lugar unha multitudinaria escenificación do “asalto dos irmandiños” no mesmo castelo, hai feira de artesanía e unha cea medieval cun menú propio da época, concertos, teatro, carreiras populares e un sen fin de actividades para todos.



GDR

COSTA DA MORTE

UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: **Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.**

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

RUTAS

-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 ----- MEGALÍTICA
-  R2 ----- DO ROMÁNICO
-  R3 ----- DA PAISAXE
-  R4 ----- DOS FAROS
-  R5 ----- FÁBRICA DA LUZ
-  R6 ----- DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 ----- CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 ----- SANTO HADRIÁN
-  R9 ----- OS PINOS NO MAR
-  R10 ----- DAS PRAIS
-  R11 ----- DAS FÉRVEDAS

QR

Amplía
información da
Costa da Morte



SIMBOLOXÍA

- | | | | |
|---|----------------------|---|--|
|  | Camino de Santiago |  | Ponte |
|  | Punto de información |  | Conxunto Histórico |
|  | Aula da Natureza |  | Lonxa Fisterra |
|  | Cemiterio de Cores |  | Petroglifo |
|  | Muíño |  | Marco do Couto |
|  | Igrexa Santuario |  | Dolmen |
|  | Pazo |  | Museo |
|  | Castelo Torre |  | Praia |
|  | Cruceiro |  | Fervenza Encoro |
|  | Horreo |  | Faro |
|  | Museo do Alemán |  | Paisaxe |
|  | Pedras Máxicas |  | Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro |

